

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

DECRETO 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

O 17 de abril de 2007 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras. O tempo transcorrido desde a súa publicación pon de manifesto a necesidade de simplificar o procedemento administrativo previsto para a catalogación e descatalogación destas árbores, xa que logo, este procedemento conta cunha tramitación complexa que difire a súa resolución alén do desexable.

Neste mesmo sentido, a experiencia acumulada na tramitación destas solicitudes de catalogación aconsella modificar o réxime de protección preventiva a aplicar no momento de se formular unha solicitude de catalogación. Efectivamente, a aplicación inmediata e automática desta protección inicial supón de por si a paralización preventiva de calquera outro proxecto ou procedemento con que pode estar relacionado, feito que resulta especialmente gravoso en supostos en que a solicitude versa sobre árbores ou formacións que non reunirían de inicio característica ou valor ningún para desfrutar da dita protección preventiva nin, por tanto para a súa posterior catalogación.

Procédese a modificar o procedemento de catalogación e descatalogación no sentido de atribuír a instrución do procedemento ás xefaturas territoriais desta consellería, que logo da tramitación do procedemento remitirán a proposta de resolución á dirección xeral de conservación da Natureza para a súa resolución. Este procedemento vese alterado nos supostos de terse que adoptar medidas preventivas de protección da árbore ou formación obxecto da solicitude de catalogación, ou nos supostos de podas, tratamentos fitosanitarios e de risco inmediato para a seguridade das persoas, supostos en que, se residencia a competencia para a súa resolución nas persoas titulares das xefaturas territoriais, ao se requirir dunha actuación inmediata por parte da Administración. Igualmente incorpórase neste procedemento un trámite de información pública da solicitude de catalogación ou descatalogación, así como de publicidade das resolucións destes procedementos.

Finalmente, e co ánimo de facer mais áxil e dinámico todo este procedemento de catalogación, procede modificar, así mesmo, o funcionamento do Comité das Árbore Senlleiras, non só no relativo ás súas funcións senón tamén nas previsións referidas ás súas reunións,

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



deixando que sexa o propio comité o que determine a periodicidade de convocatoria no seu propio regulamento de funcionamento.

Así mesmo, por razóns de seguridade xurídica, faise necesario actualizar os anexos I e II do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, incorporando nun único documento os anexos iniciais publicados no citado decreto, e a súa actualización, publicada mediante a Orde do 3 de outubro de 2011, pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de xaneiro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras:

Primeiro. Dáse nova redacción ao artigo 4 do decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. Procedemento de catalogación e descatalogación.

1. O procedemento de catalogación ou descatalogación poderá ser iniciado de oficio pola consellería competente en materia de conservación da natureza ou por solicitude de persoa interesada.

2. Poderán instar o inicio do correspondente procedemento as persoas propietarias das árbores ou formacións, outras administracións públicas, centros de investigación ou asociacións e entidades privadas ou públicas que teñan entre os fins estatutarios a protección da natureza, mediante a presentación do modelo de solicitude de inclusión que figura no anexo III, acompañada da memoria xustificativa e de toda a información adicional da súa condición de senlleiro.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais correspondentes desta consellería, en atención ao lugar en que se atopa a arbore ou formación obxecto desta solicitude.

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no DOG, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial. Por conseguinte, para a presentación das solicitudes será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas interesadas.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de que a documentación presentada sexa insuficiente, a xefatura territorial requirirá ao interesado, conforme prevé o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que nun prazo de dez días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixase, se teña por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada en tal sentido.

4. A solicitude e a documentación presentada someteranse ao trámite de información pública por un prazo de vinte días, para os efectos de que os interesados poidan presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Igualmente, e previamente á proposta de resolución de catalogación, darase audiencia ás persoas propietarias dos exemplares ou formacións ou aos seus representantes.

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



5. Logo da valoración das alegacións, a persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza correspondente en función do lugar onde se localicen os exemplares formulará unha proposta de resolución que remitirá á Dirección Xeral de Conservación da Natureza para a súa resolución.

Esta resolución, que deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de cinco meses segundo o establecido no artigo 42.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, contado a partir da data do acordo de inicio ou da data en que se formulou a correspondente solicitude, non poñerá fin á vía administrativa e será susceptible de recurso de alzada ante a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes desde a súa notificación.

6. Transcorrido o prazo de cinco meses referido no número anterior sen que a Administración teña resolto expresamente o procedemento, entenderase estimada a dita solicitude de catalogación ou descatalogación, de conformidade co artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro; de tratarse dun procedemento iniciado de oficio pola Administración, observase o disposto no artigo 44 da dita lei.

7. A descatalogación producirase como consecuencia da morte biolóxica ou da perda dos valores que motivaron a súa inclusión.

8. As resolucións de catalogación ou descatalogación serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Engádesse un artigo 4.bis co seguinte teor:

«Artigo 4 bis. *Efectos da iniciación do procedemento*

A iniciación do procedemento de catalogación dun exemplar ou formación singular só levará unida a aplicación inmediata e provisional das medidas de protección establecidas neste decreto cando así o acorde a Dirección Xeral de Conservación da Natureza por proposta da xefatura territorial correspondente, mediante resolución motivada, logo de ponderación dos valores ambientais protexibles da árbore ou da formación obxecto da solicitude.

No suposto de procedementos iniciados de oficio, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza adoptará mediante resolución motivada e cun carácter inmediato as medidas de protección que foren necesarias».

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



Terceiro. Engádese ao artigo 5 do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, o seguinte punto:

«4. Nos nomeamentos das persoas integrantes do Comité das Árbores Senlleiras procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres».

Cuarto. Dáse nova redacción ao artigo 6 do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Funcións do Comité das Árbores Senlleiras*

O Comité das Árbores Senlleiras terá, particularmente, as seguintes funcións:

a) Propor os criterios de inclusión no catálogo, atendendo aos indicadores relacionados cos méritos recollidos no artigo 2.

b) Propor a catalogación ou descatalogación das árbores e formacións singulares, con base na información debidamente documentada.

c) Emitir informe sobre as solicitudes de catalogación presentadas, naqueles supostos en que así o considere oportuno a xefatura territorial correspondente. Estes informes serán facultativos e non vinculantes, e serán emitidos polo Comité das Árbores Senlleiras no prazo máximo de quince días desde a súa solicitude.

d) Informar os diferentes plans de xestión que se elaboren para cada un dos exemplares e formacións catalogadas.

e) Aconsellar sobre as medidas de conservación e informar dos diferentes tratamentos fitosanitarios que se leven a cabo».

Quinto. Dáse nova redacción ao artigo 7 do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras*

1. O réxime de funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras axustarase ao previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e élle de aplicación o previsto na sección 3ª, capítulo I, do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Corresponde á persoa que teña a súa presidencia acordar a convocatoria das sesións, conforme o artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e o réxime de convocatorias que sexa establecido polo Comité no seu propio regulamento de funcionamento».



Sexto. Dáse nova redacción ao artigo 9 do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Protección*

1. As árbores e formacións senlleiras que se inclúan no catálogo considéranse protexidas para todos os efectos.

2. A protección implica a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente a súa integridade, a súa saúde e a súa aparencia. No caso de formacións naturais, esta protección entenderase aplicable tamén a todo o seu cortexo florístico.

3. Os proxectos cuxa execución poida ameazar os valores naturais, culturais, científicos, didácticos ou doutra orde, de árbores ou formacións singulares necesitarán autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

4. A realización de actuacións como podas ou tratamentos fitosanitarios, cando sexan necesarias para a conservación do propio exemplar só precisarán da comunicación previa á xefatura territorial, para o suposto de terse aprobado o correspondente plan de xestión. No caso contrario, estarán sometidas á autorización administrativa da xefatura territorial, que deberá outorgala no prazo máximo de tres meses, entendéndose outorgada de non se ter ditado resolución expresa no dito prazo, de acordo cos artigos 42 e 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro

No suposto de existir un perigo ou risco inmediato para a seguridade das persoas, así como nos supostos de especial gravidade no ámbito da sanidade vexetal, solicitarase autorización previa á correspondente xefatura territorial da consellería competente en materia de conservación da natureza para poder realizar as actuacións de poda, tratamento fitosanitario e mesmo da eliminación da árbore ou formación, autorización que queda sometida á previa comprobación e acreditación desta situación polo servizo de conservación da natureza da xefatura territorial correspondente. De non se resolver a dita solicitude no prazo de 15 días, entenderase estimada a solicitude de autorización, de acordo co previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro».

Disposición transitoria única

As solicitudes de catalogación formuladas con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto tramitaranse polo procedemento vixente no momento de se formular a solicitude.

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



Disposición adicional primeira

Os anexos I e II do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, substitúense polos anexos I e II deste decreto.

Disposición adicional segunda

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a sx.cmati@xunta.es.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto, en concreto a Orde do 3 de outubro de 2011, pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e dous de xaneiro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



ANEXO I
Árbores senlleiras

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
1A	«Perona» do Paseo da Ferradura	<i>Abies nordmanniana</i> (Steven) Spach	Paseo da Ferradura	Santiago de Compostela	A Coruña
2A	Pradairo da Igrexa de Vilarpandín	<i>Acer pseudoplatanus</i> L.	Vilarpandín	Navia de Suarna	Lugo
3A	«Pravia» de Vilalba	<i>Acer pseudoplatanus</i> L.	Praza Suso Gayoso	Vilalba	Lugo
4A	Castiñeiro de Indias do Xardín Artístico de Padrón	<i>Aesculus hippocastanum</i> L.	Xardín Artístico de Padrón	Padrón	A Coruña
5A	Ameneiro do Pazo de Maside	<i>Alnus glutinosa</i> (L.) Gaernt.	Pazo de Maside	Pantón	Lugo
6A	Araucaria do Brasil do Parque de Caldas de Reis	<i>Araucaria angustifolia</i> (Bertol.) O. Kuntze	Parque de Caldas	Caldas de Reis	Pontevedra
7A	Araucaria araucana do Castelo de Soutomaior	<i>Araucaria araucana</i> (Mol.) K. Koch	Castelo de Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra
8A	Araucaria excelsa da Casa de Tenreiro	<i>Araucaria heterophylla</i> (Salisb.) Franco	Casa Tenreiro	Pontedeume	A Coruña
9A	Érbedo do Pazo de Mariñán	<i>Arbutus unedo</i> L.	Pazo de Mariñán	Bergondo	A Coruña
10A	Calocedro do Pazo de Torrecedeira	<i>Calocedrus decurrens</i> (Torr.) Florin	Pazo de Torrecedeira	Redondela	Pontevedra
11A	Camelia «Pantalóns» do Pazo de Lens	<i>Camellia japonica</i> L.	Pazo de Lens-Ames	Ames	A Coruña
12A	Camelia do Pazo de Santa CruzCamellia japonica L.Pazo de Santa Cruz	<i>Camellia japonica</i> L.	Pazo de Santa Cruz	Vedra	A Coruña
13A	Camelias do Pazo de Torres Agrelo	<i>Camellia japonica</i> L.	Pazo Torres de Agrelo	Redondela	Pontevedra
14A	Matusalén de Camelias do Pazo de Castrelos	<i>Camellia japonica</i> L.	Pazo de Castrelos	Vigo	Pontevedra
15A	Camelia reticulada do Pazo de Oca	<i>Camellia reticulata</i> Lindl.	Pazo de Oca	A Estrada	Pontevedra
16A	Camelia sasanqua do Pazo de Torres Agrelo	<i>Camellia sasanqua</i> Thunberg.	Pazo Torres de Agrelo	Redondela	Pontevedra
17A	Pacana de Illinois do Pazo de Mariñán	<i>Carya illinoensis</i> (Wangenh.) C. Koch.	Pazo de Mariñán	Bergondo	A Coruña
18A	Castiñeiro da Capela	<i>Castanea sativa</i> Mill.	A Capela.	Begonte	Lugo





CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4

XUNTA
DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
19A	Castiñeiro do Val da Fonte	<i>Castanea sativa</i> Mill.	O Val da Fonte	Folgoso do Courel	Lugo
20A	Castiñeiro de Pumbariños	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Souto de Rozabales	Manzaneda	Ourense
21A	Castiñeiro do Mola	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Souto de Mola	A Mezquita	Ourense
22A	Castiñeiro da Ribeira	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Souto da Ribeira	A Mezquita	Ourense
23A	Castiñeiro do Souto da Ramigoa	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Souto de A Ramigoa	Nogueira de Ramuín	Ourense
24A	Castiñeiro da Regadiña	<i>Castanea sativa</i> Mill.	A Regadiña	A Pobra de Trives	Ourense
25A	Castiñeiros de Peninvello	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Finca da Cerca	Xinzo de Limia	Ourense
26A	Casuarinas da Alameda da Praza de Compostela	<i>Casuarina equisetifolia</i> J.R. & G. Forst.	Praza de Compostela	Vigo	Pontevedra
27A	Cedros do Himalaia dos Xardíns de Vicenti	<i>Cedrus deodara</i> (D. Don) G. Don	Xardíns de Vicenti	Pontevedra	Pontevedra
28A	Cedro do Líbano do Pazo de Lourizán	<i>Cedrus libani</i> A. Rich.	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
29A	«Croatia de Cristo» do Xardín Histórico de Padrón	<i>Cercis siliquastrum</i> L.	Xardín artístico de Padrón	Padrón	A Coruña
30A	Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla	<i>Chamaecyparis lawsoniana</i> (A. Murr.) Parl.	Casa da Póboa do Incio	O Incio	Lugo
31A	Camecíparis de Lawson do Castelo de Soutomaior	<i>Chamaecyparis lawsoniana</i> (A. Murr.) Parl.	Castelo de Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra
32A	Alcanforeiros do Pazo de Rubiáns	<i>Cinnamomum camphora</i> (L.) Siebold	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
33A	Laranxeira «Obscena» do Pazo de Brandariz	<i>Citrus aurantium</i> L. var. <i>corniculata</i> Risso	Pazo de Brandariz	Ortigueira	A Coruña
34A	Criptomeria do Pazo de Santa Cruz	<i>Cryptomeria japonica</i> (L. f.) D. Don <i>elegans</i>	Pazo de Santa Cruz	Vedra	A Coruña
35A	Criptomeria do Castelo de Soutomaior	<i>Cryptomeria japonica</i> (L. f.) D. Don <i>elegans</i>	Castelo de Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra
36A	Criptomeria Elegante do Pazo de Oca	<i>Cryptomeria japonica</i> (L. f.) D. Don <i>elegans</i>	Pazo de Oca	A Estrada	Pontevedra
37A	Cunninghamia do Pazo de Gondomar	<i>Cunninghamia lanceolata</i> (Lamb.) Hook. f.	Pazo de Gondomar	Gondomar	Pontevedra



DOG

Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 25

Venres, 6 de febreiro de 2015

Páx. 5495



CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
38A	Cunninghamia do Parque-Xardín de Caldas de Reis	<i>Cunninghamia lanceolata</i> (Lamb.) Hook. f.	Parque de Caldas	Caldas de Reis	Pontevedra
39A	Ciprés de California da Misericordia	<i>Cupressus macrocarpa</i> Hartw.	Misericordia	Viveiro	Lugo
40A	Ciprés de California do Pazo de Quintás	<i>Cupressus macrocarpa</i> Hartw.	Pazo de Quintás	Meis	Pontevedra
41A	Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador	<i>Cupressus sempervirens</i> L. <i>fastigiata</i>	Mosteiro de Samos	Samos	Lugo
42A	Eucaliptos do Pazo de Mariñán	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Pazo de Láncara ou Mariñán	Bergondo	A Coruña
43A	Eucalipto da Casa de Reimunde	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Casa de Reimunde	Foz	Lugo
44A	Avó do eucaliptal de Chavín	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Souto da Retorta	Viveiro	Lugo
45A	Eucaliptos do Paseo da Ferradura	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Paseo da Ferradura	Santiago de Compostela	A Coruña
46A	Eucaliptos do Pazo de Castrelos	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Pazo de Castrelos	Vigo	Pontevedra
47A	Eucalipto do maná da Casa de Ordax	<i>Eucalyptus viminalis</i> Labill.	Casa de Ordax	Castro de Rei	Lugo
48A	Faixas do Pazo de Castrelos	<i>Fagus sylvatica</i> L.	Pazo de Castrelos	Vigo	Pontevedra
49A	Figueira do Meco	<i>Ficus carica</i> L.	Monte Siradella	O Grove	Pontevedra
50A	Figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro	<i>Ficus carica</i> L.	Casa-Museo Rosalía de Castro	Padrón	A Coruña
51A	Freixo de Folla Estreita de Montepando	<i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl.	O Val	Monforte	Lugo
52A	Freixo de Porta	<i>Fraxinus excelsior</i> L.	Pista a Casa do Galo	Sobrado	A Coruña
53A	Xinkgos do Pazo de Fonseca	<i>Ginkgo biloba</i> L.	Xardín do Pazo de Fonseca	Santiago de Compostela	A Coruña
54A	Acivro do Pazo de Casanova	<i>Ilex aquifolium</i> L.	Pazo de Casanova	O Pino	A Coruña
55A	Cocoteiro de Chile do Pazo de Meirás	<i>Jubaea chilensis</i> (Mol.) Baill	Pazo de Meirás	Sada	A Coruña
56A	Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Santa Cruz	<i>Liriodendron tulipifera</i> L.	Pazo de Ortigueira	Vedra	A Coruña
57A	Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos	<i>Liriodendron tulipifera</i> L.	Pazo de Castrelos	Vigo	Pontevedra
58A	Magnolia grandiflora de Santa Rita	<i>Magnolia grandiflora</i> L.	Cuartel vello Garda Civil	Narón	A Coruña



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 25

Venres, 6 de febreiro de 2015

Páx. 5496



CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
59A	Magnolias grandifloras do Pazo de Rubiáns	<i>Magnolia grandiflora</i> L.	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
61A	Metasecuoia do Pazo de Lourizán	<i>Metasequoia glyptostroboides</i> H. Hu & Cheng	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
62A	Metrosideros excelso do Xardín da Torre de Andrade	<i>Metrosideros excelsus</i> Soland. Ex Gaertn.	Xardín da Torre de Andrade	Pontedeume	A Coruña
63A	Metrosideros excelso do Xardín da Policía da Coruña	<i>Metrosideros excelsus</i> Soland. Ex Gaertn.	Xardín do Antigo Hospital	A Coruña	A Coruña
64A	Oliveira do Paseo de Alfonso XII	<i>Olea europaea</i> L.	Paseo de Alfonso XII	Vigo	Pontevedra
65A	Oliveiras do Cemiterio de Adina	<i>Olea europaea</i> L.	Cemiterio de Adina	Padrón	A Coruña
66A	Palmeira datileira do Mosteiro de Herbón	<i>Phoenix dactylifera</i> L.	Mosteiro de Herbón	Padrón	A Coruña
67A	Ombú do Centro Cultural de Santa Cruz	<i>Phytolacca dioica</i> L.	Centro cultural Santa Cruz-Oleiros	Oleiros	A Coruña
68A	Ombú do Pazo de Santa Cruz	<i>Phytolacca dioica</i> L.	Pazo de Ortigueira	Vedra	A Coruña
69A	Piñeiro Bravo de Leiro	<i>Pinus pinaster</i> Ait.	Leiro	Pontedeume	A Coruña
71A	Piñeiro insigne do Castelo de Santa Cruz	<i>Pinus radiata</i> D. Don	Castelo de Santa Cruz	Oleiros	A Coruña
72A	Plátano de Sombra do Pazo de Dompíñor	<i>Platanus hispanica</i> Mill. ex Munchh.	Pazo de Dompíñor	O Incio	Lugo
73A	Douglasia verde do Pazo de Casanova	<i>Pseudotsuga menziesii</i> (Mirb.) Franco	Pazo de Casanova	O Pino	A Coruña
74A	Carballo albar da Praza do Campo de Quindous	<i>Quercus petraea</i> (Mattusch.) Liebl.	Quindous	Cervantes	Lugo
75A	Rebolo da Praza do Campo de Quindous	<i>Quercus pyrenaica</i> Will	Quindous	Cervantes	Lugo
76A	Rebolo do Pazo da Pena	<i>Quercus pyrenaica</i> Will	Pazo da Pena	Manzaneda	Ourense
77A	Carballo de Pazo de Vilardefrancos	<i>Quercus robur</i> L.	Pazo de Vilar de Arcos	Carballo	A Coruña
78A	Carballo de Ramos	<i>Quercus robur</i> L.	Casa de Ramos	Taboada	Lugo
79A	Carballo do Viño ou Carballo de Pelete	<i>Quercus robur</i> L.	O Pelete	A Lama	Pontevedra
80A	Carballo da Capela de Santa Margarida	<i>Quercus robur</i> L.	Capela de Santa Margarida	Pontevedra	Pontevedra
81A	Carballa da Rocha	<i>Quercus robur</i> L.	A Touza	Rairiz de Veiga	Ourense



CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
82A	Carballo do Pazo de Cartelos	<i>Quercus robur</i> L.	Pazo de Cartelos	Carballedo	Lugo
83A	Carballo Grande de Bustelo de Abaixo	<i>Quercus robur</i> L.	Campo da Fonte	Carballedo	Lugo
84A	Carballo da Casa do Herdeiro	<i>Quercus robur</i> L.	Casa de Herdeiro	Carballedo	Lugo
85A	Carballos do Campo de Golf	<i>Quercus robur</i> L.	Campo de golf-Lugo	Lugo	Lugo
86A	Carballo de Mede	<i>Quercus robur</i> L.	Bosque de Mede	Xermade	Lugo
87A	Carballo da Casa Grande	<i>Quercus robur</i> L.	Praza do Carballo	Carballedo	Lugo
88A	Carballo grande do Mestre	<i>Quercus robur</i> L.	Á beira da N-540	Carballedo	Lugo
89A	Carballo grande de Reboreda	<i>Quercus robur</i> L.	Bosque de Caraveira	A Porqueira	Ourense
90A	Carballo fastixiado do Pazo de Santa Cruz	<i>Quercus robur</i> L. Fastigiata	Pazo de Santa Cruz	Vedra	A Coruña
91A	Carballo fastixiado do Xardín Histórico de Padrón	<i>Quercus robur</i> L. Fastigiata	Xardín Artístico de Padrón	Padrón	A Coruña
92A	Acífeira de Covas	<i>Quercus ilex</i> L. subsp. <i>ballota</i> (Desf.) Samp.	Predio próximo ao cemiterio	Rubiá	Ourense
93A	Sobreira de Balvoa	<i>Quercus suber</i> L.	Os Hórreos	A Estrada	Pontevedra
94A	Sobreira do Pazo de Valiñas	<i>Quercus suber</i> L.	Pazo de Valiñas	A Estrada	Pontevedra
95A	Sobreira do Cristo de Arriba	<i>Quercus suber</i> L.	Praza pública	Redondela	Pontevedra
96A	Sobreira da Casa do Tristo	<i>Quercus suber</i> L.	Casa do Tristo	A Pobra de Brollón	Lugo
97A	Secuoias vermellas do Xardín Histórico de Padrón	<i>Sequoia sempervirens</i> (D. Don) Endl.	Xardín Artístico de Padrón	Padrón	A Coruña
98A	Secuoia vermella do Castelo de Soutomaior	<i>Sequoia sempervirens</i> (D. Don) Endl.	Castelo de Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra
99A	Secuoia xigante do Pazo do Casal	<i>Sequoiadendron giganteum</i> (Lindl.) Buchh.	Pazo do Casal	Bergondo	A Coruña
100A	Taxodios do Xardín de Artime	<i>Taxodium disticum</i> (L.) Rich.	Xardín de Artime	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
101A	Teixo do Pazo de Baldomir	<i>Taxus baccata</i> L.	Pazo de Baldomir	Bergondo	A Coruña
102A	Teixo da Igrexa de Córneas	<i>Taxus baccata</i> L.	Cemiterio	Baleira	Lugo



Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
103A	Teixo da Casa de Tenreiro	<i>Taxus baccata</i> L.	Casa de Tenreiro-Pontedeume	Pontedeume	A Coruña
104A	Tuia xigante do Pazo de Torres Agrelo	<i>Thuja plicata</i> Don ex D. Don	Pazo de Torres de Agrelo	Redondela	Pontevedra
105A	Tileiro prateado da Alameda do Campo da Estrela	<i>Tilia tomentosa</i> Moench	Alameda do Campo da Estrela	Santiago de Compostela	A Coruña
106A	Washingtonias robustas do Pazo de Santa Cruz	<i>Washingtonia robusta</i> H.Wendl.	Xardín do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla	Vedra	A Coruña
107A	Abeto branco de Carballal	<i>Abies alba</i> Mill.	Carballal	A Estrada	Pontevedra
108A	Araucaria de Carballeira	<i>Araucaria bidwillii</i> Hook.	Carballeira	Pontevedra	Pontevedra
109A	Araucaria excelsa do Pazo de Rubiáns	<i>Araucaria heterophylla</i> (Salisb.) Franco	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
110A	Castiñeiro de Pexeiros	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Pexeiros	Os Blancos	Ourense
111A	Castiñeiro de Cerdedelo	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Souto de Cerdedelo	Laza	Ourense
112A	Castiñeiro de Trambolosríos	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Trambolosríos	Parada de Sil	Ourense
113A	Castiñeiro de Santa Eufemia	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Santa Eufemia	Baños de Molgas	Ourense
114A	Castiñeiro de Cádavos	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Cádavos	A Mezquita	Ourense
115A	Castiñeiro do Prado da Ponte	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Prado da Ponte	A Mezquita	Ourense
116A	Castiñeiro de Placín	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Placín-Cubeiros	Manzaneda	Ourense
117A	Abeleira do Pazo de Lourizán	<i>Corylus avellana</i> L.	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
118A	Criptomeria xaponesa do Pazo de Lourizán	<i>Cryptomeria japonica</i> (L.f.) D.Don	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
119A	Dicksonia do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla	<i>Dicksonia antarctica</i> Labill.	Ortigueira	Vedra	A Coruña
120A	Freixo de folia estreita de Albarín	<i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl.	Albarín	O Porriño	Pontevedra
121A	Xinkgo de Vilaboa	<i>Ginkgo biloba</i> L.	Vilaboa	Culleredo	A Coruña





Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
122A	Nogueira de Licín	<i>Juglans regia</i> L.	Licín	O Saviñao	Lugo
123A	Magnolia de Oural	<i>Magnolia grandiflora</i> L.	Oural	Boqueixón	A Coruña
124A	Metrosideros da Quinta de Besada	<i>Metrosideros robusta</i> A. Cunn.	Quinta de Besada	Poio	Pontevedra
125A	Moreira negra de Cangas de Foz	<i>Morus nigra</i> L.	Cangas de Foz	Cangas de Foz	Lugo
126A	Piñeiro de Alxán	<i>Pinus pinaster</i> Ait.	Alxán	Salvaterra de Miño	Pontevedra
128A	Carballo da Portela	<i>Quercus robur</i> L.	A Portela	Mondariz	Pontevedra
129A	Carballo de Portacal	<i>Quercus robur</i> L.	Cumbras	Sobrado	Coruña
130A	Carballo de Freán	<i>Quercus robur</i> L.	Freán	Xermade	Lugo
131A	Carballo de Vilatuxe	<i>Quercus robur</i> L.	Vilatuxe	Lalín	Pontevedra
132A	Carballo de Soutolongo	<i>Quercus robur</i> L.	Soutolongo	Lalín	Pontevedra
133A	Pai dos Rebolos	<i>Quercus robur</i> L.	Umoso-Dradela	Viana do Bolo	Ourense
134A	Carballo de Luxís	<i>Quercus robur</i> L.	Pacios	Castro de Rei	Lugo
135A	Carballo de Cabanavella-I	<i>Quercus robur</i> L.	Cabanavella	Cervantes	Lugo
136A	Carballo de Cabanavella-II	<i>Quercus robur</i> L.	Cabanavella	Cervantes	Lugo
137A	Sobreira de Loña	<i>Quercus suber</i> L.	Igrexa do Santo Cristo de Lonia	Ourense	Ourense
138A	Sobreira de Siador	<i>Quercus suber</i> L.	A Saleta	Silleda	Pontevedra
140A	Salgueiro da braña de Xafardán	<i>Salix atrocinerea</i> Brot.	Deiro	Vilanova de Arousa	Pontevedra
141A	Secuoia vermella do Pazo de Lourizán	<i>Sequoia sempervirens</i> (D. Don) Endl.	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
142A	Sófora xaponesa do Pazo de Lourizán	<i>Sophora japonica</i> L. <i>pendula</i>	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
143A	Teixo de Cereixido	<i>Taxus baccata</i> L.	Cereixido	Quiroga	Lugo
144A	Teixo de Carballido	<i>Taxus baccata</i> L.	Carballido	A Fonsagrada	Lugo
145A	Teixo de Fontaneira	<i>Taxus baccata</i> L.	Fontaneira	Baleira	Lugo
146A	Teixo de Balmonte	<i>Taxus baccata</i> L.	Balmonte	Castro de Rei	Lugo



ANEXO II Formacións senlleiras

Código	Nome da formación	Especie	Lugar	Concello	Provincia
1F	Buxal da Casa da Botana	<i>Buxus sempervirens</i> L.	Casa da Botana	Arzúa	A Coruña
2F	Buxal do Pazo de Santa Cruz	<i>Buxus sempervirens</i> L.	Pazo de Santa Cruz	Vedra	A Coruña
3F	Buxal do Pazo de Oca	<i>Buxus sempervirens</i> L.	Pazo de Oca	A Estrada	Pontevedra
4F	Castiñeiros xaponeses e chineses do Pazo de Lourizán	<i>Castanea crenata</i> Sieb.&Zucc.; <i>Castanea mollissima</i> Blume Mill.	Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra
5F	Fraga de Catasós	<i>Castanea sativa</i> Mill.; <i>Quercus robur</i> L.	Pazo de Quintela	Lalín	Pontevedra
6F	Souto de Rozavales	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Souto de Rozavales	Manzaneda	Ourense
7F	Carreira de Eucaliptos do Pazo de Barrantes	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Pazo de Barrantes	Ribadumia	Pontevedra
8F	Eucaliptos do Pazo de Rubiáns	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
9F	Souto da Retorta	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Souto da Retorta	Viveiro	Lugo
10F	Cipreses de California do Xardín do Malecón	<i>Cupressus macrocarpa</i> Hartw.	Xardín do Malecón	Ortigueira	A Coruña
11F	Mirtos do Pazo de Mariñán	<i>Myrtus communis</i> L.	Pazo de Mariñán	Bergondo	A Coruña
12F	Retícula de oliveiras do Pazo de Santa Cruz	<i>Olea europaea</i> L.	Pazo de Santa Cruz	Vedra	A Coruña
13F	Palmeiral canario dos Xardíns de Méndez Núñez	<i>Phoenix canariensis</i> Hort. ex Chabaud	Xardíns de Méndez Núñez	A Coruña	A Coruña
14F	Palmeira do Senegal do Xardín Artístico de Padrón	<i>Phoenix reclinata</i> Jacq.	Xardín Artístico de Padrón	Padrón	A Coruña
15F	Plátanos de sombra do Pazo de Mariñán	<i>Platanus hispanica</i> Mill ex Muenchh.	Pazo de Mariñán	Bergondo	A Coruña
16F	Plátanos de sombra do Paseo do Espolón de Padrón	<i>Platanus hispanica</i> Mill ex Muenchh.	Paseo do Espolón	Padrón	A Coruña
17F	Carballeira de Caldas de Reis	<i>Quercus robur</i> L.	Parque de Caldas	Caldas de Reis	Pontevedra
18F	Carballeira de San Lourenzo de Trasouto	<i>Quercus robur</i> L.	San Lourenzo	Santiago	A Coruña





CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4

Código	Nome da formación	Especie	Lugar	Concello	Provincia
19F	Teixedal de Casaio	<i>Taxus baccata</i> L.	Teixedal de Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense
20F	Carreira dos tileiros do Pazo de Oca	<i>Tilia platyphyllos</i> Scop.	Pazo de Oca	A Estrada	Pontevedra
21F	Olmos do Xardín de San Carlos	<i>Ulmus x hollandica</i> Mill.	Xardín de San Carlos	A Coruña	A Coruña
22F	Carreira de araucarias de Noia	<i>Araucaria bidwillii</i> Hook.	Noia	Noia	A Coruña
23F	Bidueiral de Xares	<i>Betula celtiberica</i> Rothm. & Vasc.	Coto de Xares	A Veiga	Ourense
24F	Carreira de buxos da illa de San Simón	<i>Buxus sempervirens</i> L.	Illa de San Simón	Redondela	Pontevedra
25F	Buxeda do Pazo de San Lourenzo	<i>Buxus sempervirens</i> L.	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña
26F	Castiñeiros dos Blancos	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Os Blancos	Os Blancos	Ourense
27F	Devesa de Cartelos	<i>Quercus robur</i> L.	Cartelos	Carballedo	Lugo
28F	Carballos da praza do Campo de Bande	<i>Quercus robur</i> L.	Bande	Bande	Ourense
29F	Sobreiral de Magán	<i>Quercus suber</i> L.	Magán-Estacas	Curtis	Pontevedra
30F	Tileiras prateadas da igrexa de San Domingos	<i>Tilia tomentosa</i> Moench	Ribadavia	Ribadavia	Ourense
31F	Tileiras prateadas do mosteiro de Oseira	<i>Tilia tomentosa</i> Moench	Oseira	San Cristovo de Cea	Ourense





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INCLUSIÓN NO CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS	MT804A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

ESPECIES

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

COORDENADA X

COORDENADA Y

DESCRIPCIÓN

MOTIVO DA CATALOGACIÓN (rareza, tamaño, porte, importancia, histórica, cultural ...)

DIÁMETRO A 1,30 m

ALTURA TOTAL

IDADE ESTIMADA

OBSERVACIÓNS

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: xor72t22-wly7-8gz7-bzi1-qdv0rc2gbrj4



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO III (continuación)

DATOS DA PERSOA PROPIETARIA

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

☐ Memoria xustificativa da condición de senlleira da árbore/formación.

☐ Fotografía(s) da árbore/formación.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
☐ Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.	☐			
☐ Copia do DNI ou NIE da persoa representante, se é o caso, cando non autorice a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.	☐			

Autorizo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sx.cmati@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE


- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

- Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de



Xefatura Territorial da
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>
